



Caritas

*Diocesana de
Santiago de Compostela*

Estatutos

Caritas Diocesana de Santiago de Compostela

Xuño 2024



Edita: **Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela**
Carretas, 29
15705 Santiago de Compostela



EL ARZOBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Exp.: VI 0164/24
Nº Reg.: RS 1056/24
Fecha: 09/10/2024



DECRETO POLO QUE SE APROBAN OS NOVOS ESTATUTOS DE CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FRANCISCO JOSÉ PRIETO FERNÁNDEZ
POLA GRAZA DE DEUS E DA SÉ APOSTÓLICA
ARCEBISPO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cando o Papa Francisco afirma na *Evangelii Gaudium* que “non sempre podemos manifestar axeitadamente a beleza do Evanxeo, pero hai un sinal que nunca debe faltar: a opción polos últimos, por aqueles que a sociedade descarta e rexeita” (n. 195), describe a única razón que dá sentido á existencia de Cáritas, xa que, “da nosa fe en Cristo feito pobre, e sempre próximo aos pobres e excluídos, xorde a preocupación polo desenvolvemento integral dos máis abandonados da sociedade”. (n. 186).

Polo tanto, para a Igrexa, para Cáritas, “a caridade non é un tipo de actividade de asistencia social que tamén se poida deixar a outros, senón que pertence á súa natureza e é unha manifestación inalienable da súa propia esencia” (*Deus caritas est* n. 25). O amor ao próximo non é un mero exercicio de solidariedade, senón o mesmo amor a Deus nas feridas e dramas que arrasan a vida dos nosos irmáns e irmás, como lembrou San Xoán Paulo II en *Novo Millennio Ineunte*: “Sen esta forma de evanxelización, realizada a través da caridade e do testemuño da pobreza cristiá, o anuncio do Evanxeo, aínda que é a primeira caridade, corre o risco de ser incomprendido ou de afogarse no mar de palabras á que a actual sociedade da comunicación nos somete cada día. A caridade das obras corrobora a caridade das palabras” (n. 50).

Poñer en práctica este amor único a Deus e ao próximo require medios e recursos, proxectos e canles organizativas e, sobre todo, voluntarios e traballadores que asuman con identidade cristiá e cualificada preparación a tarefa samaritana de acoller, acompañar e sandar, sen esquecer que “só cunha mirada cuxo horizonte é transformado pola caridade, que leva a un a percibir a dignidade do outro, os pobres son descubertos e valorados na súa inmensa dignidade,



EL ARZOBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA



respectados no seu propio estilo e na súa cultura e, polo tanto, verdadeiramente integrados na sociedade” (*Fratelli tutti* n. 187).

Cando en 1965 o entón cardeal arcebispo, monseñor Fernando Quiroga Palacios, procedeu a constituír oficialmente Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, no decreto de creación enuncia un principio que segue vixente na actualidade: “Servir á acción caritativa e social da Igrexa, promovendo, coordinando e instrumentar a Comunicación Cristiá de Bens entre todas as comunidades eclesiais, en todas as súas formas, axudando á promoción humana e ao desenvolvemento integral de todas as persoas e asumindo aquelas accións que de feito non están a levar a cabo comunidades ou colectivos específicos”.

Os cambios sociais acontecidos desde entón, nos que se paliaron unhas pobreza e xurdiron outras, levaron a sucesivas actualizacións dos estatutos e organismos que constitúen Cáritas Diocesana, buscando así dar resposta a esa “nova imaxinación de caridade” que invocou San Xoán Paulo. O bispo Mons. Antonio María Rouco Varela asinou en 1987 o decreto de aprobación dos estatutos de Cáritas Diocesana, que en 2007 foron renovados polo bispo Mons. Julián Barrio Barrio.

Os novos estatutos que agora se presentan son a expresión dunha acción socio-caritativa innovadora que, despois de seguir un camiño de elaboración verdadeiramente sinodal, conducen á nosa Cáritas Diocesana a ser unha presenza e unha voz profética que interpelan á Igrexa e á sociedade: a nosa Caridade non pode ser meramente paliativa ou asistencial, senón que debe ser preventiva, curativa e propositiva. Caridade é acompañar, abrir portas, ofrecer posibilidades que permitan vivir con xustiza e dignidade.

Somos conscientes, como Igrexa diocesana, de que “o noso compromiso non consiste exclusivamente en accións nin en programas de promoción e asistencia; o que o Espírito mobiliza non é un desbordamento activista, senón sobre todo unha atención posta no outro «considerándoo como un consigo mesmo» (EG n. 199).

Por iso, este novo marco estatutario de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela debe ser unha canle que amose o rostro dunha Igrexa samaritana na que “todo sae da caridade de Deus, todo se concreta a través dela, e todo tende a ela. A caridade é o don máis grande que Deus



EL ARZOBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

lles deu aos homes, é a súa promesa e a nosa esperanza” (*Caritas in veritate* n. 2).

Vistos os informes emitidos polos órganos competentes, así como os canons 222, 391 e 839.1, cos seus concordantes.

Considerando que o texto presentado é conforme a Dereito e axeitado para orientar a acción evanxelizadora e caritativa na nosa Arquidiocese de Santiago de Compostela.

Polo presente DECRETO: aprobo os NOVOS ESTATUTOS DE CÁRITAS DIOCESANA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, declarando derogados os Estatutos ata agora vixentes, e dispoño que os novos Estatutos entren en vigor o día 7 de xuño de 2024, Solemnidade do Sagrado Corazón de Xesús.

Dado en Santiago de Compostela, o seis de xuño de dous mil vinte e catro.



+ Fr. J. Tuto
Arzobispo de Santiago

Por mandato da Súa Excia. Revdma.

Elisardo Temperán

Elisardo Temperán Villaverde,
Chanceler-Secretario.

Índice

Capítulo I

Da natureza, identidade e funcións de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela

11

- ARTIGO 1 Natureza, personalidade xurídica, ámbito e duración
- ARTIGO 2 Ámbito normativo
- ARTIGO 3 Domicilio social
- ARTIGO 4 Misión e fin de Cáritas Diocesana
- ARTIGO 5 Principios
- ARTIGO 6 Competencias

Capítulo II

Órganos de goberno de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela

14

- ARTIGO 7 Estrutura directiva
- ARTIGO 8 Dos órganos colexiados
- ARTIGO 9 A Asemblea Diocesana
- ARTIGO 10 Funcións da Asemblea Diocesana
- ARTIGO 11 Convocatorias de la Asemblea Diocesana
- ARTIGO 12 O Consello Diocesano de Cáritas
- ARTIGO 13 Funcións do Consello Diocesano
- ARTIGO 14 Da Comisión Permanente
- ARTIGO 15 Funcións da Comisión Permanente:
- ARTIGO 16 Presidente
- ARTIGO 17 Delegado/a Episcopal
- ARTIGO 18 Director/a Diocesano/a
- ARTIGO 19 Secretario/a Xeral
- ARTIGO 20 Responsable do Departamento de Recursos Económicos
- ARTIGO 21 Responsable do Departamento de Recursos Humanos
- ARTIGO 22 Responsable do Departamento de Programas de Atención Social
- ARTIGO 23 Responsable do Departamento de Comunicación
- ARTIGO 24 Responsable do Departamento de Economía Social e Formación Sociolaboral
- ARTIGO 25 Responsable do Departamento de Orientación Xurídica
- ARTIGO 26 Servizos Centrais de Cáritas Diocesana

Capítulo III

Da comunidade de Cáritas

23

ARTIGO 27	Integrantes da comunidade de Cáritas
ARTIGO 28	Persoas voluntarias
ARTIGO 29	Persoas traballadoras de Cáritas
ARTIGO 30	Doantes
ARTIGO 31	Participantes

Capítulo IV

Da Cáritas parroquial

24

ARTIGO 32	Cáritas parroquial
ARTIGO 33	Organización de Cáritas parroquial
ARTIGO 34	Consello Parroquial
ARTIGO 35	Consiliario
ARTIGO 36	Director/a de Cáritas parroquial
ARTIGO 37	Secretario/a e Responsable de Recursos Económicos de Cáritas parroquial

Capítulo V

Das Cáritas interparroquial

26

ARTIGO 38	Programas de Cáritas interparroquial
ARTIGO 39	Cáritas interparroquial
ARTIGO 40	Órganos de Cáritas interparroquial
ARTIGO 41	Consello Interparroquial
ARTIGO 42	Comisión Permanente de Cáritas interparroquial
ARTIGO 43	Consiliario de Cáritas interparroquial
ARTIGO 44	Director/a de Cáritas interparroquial
ARTIGO 45	Secretario/a de Cáritas interparroquial
ARTIGO 46	Responsable de Recursos Económicos de Cáritas interparroquial
ARTIGO 47	Responsables de departamentos de Cáritas interparroquial

Capítulo VI

Normas de funcionamento dos órganos de dirección

30

ARTIGO 48	Duración do cargo
ARTIGO 49	Convocatoria e reunións dos Consellos
ARTIGO 50	Convocatoria e reunións das comisións permanentes
ARTIGO 51	Adopción de acordos

Capítulo VII

Traballo en rede

31

- ARTIGO 52 Coordinación coas asociacións e institucións católicas de acción caritativa
ARTIGO 53 Colaboración con outras entidades de acción social

Capítulo VIII

Del réxime económico en Cáritas

32

- ARTIGO 54 Réxime económico
ARTIGO 55 Recursos económicos e materiais
ARTIGO 56 Administración ordinaria
ARTIGO 57 Administración de maior importancia
ARTIGO 58 Administración extraordinaria

Capítulo IX

A Comunicación Cristiá de Bens

33

- ARTIGO 59 Fondo operativo de Comunicación Cristiá de Bens en Cáritas Diocesana
ARTIGO 60 A Comunicación Cristiá de Bens en Cáritas interparroquial
ARTIGO 61 Comunicación Cristiá de Bens entre parroquias non integradas en Cáritas interparroquial

Capítulo X

Da modificación dos estatutos

34

- ARTIGO 62 Modificación dos Estatutos

Capítulo XI

Da disolución de Cáritas Diocesana

34

- ARTIGO 63 Disolución de Cáritas Diocesana

Introdución aos estatutos

de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela

O proceso de revisión e redacción dos novos estatutos de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela parte dos principios fundamentais que reflicten a nosa identidade, misión e compromiso coa acción caritativa e pastoral no ámbito diocesano.

Destacamos a importancia da parroquia como a célula fundamental de acción caritativa na estrutura destes estatutos. Neste sentido, tendo en conta a organización territorial da nosa diocese, definimos como unidade organizativa as Cáritas parroquiais que poden abarcar unha única parroquia, varias ou unha unidade pastoral completa, integrando así a estrutura funcional de Cáritas á da propia organización diocesana.

As Cáritas interparroquiais quedan configuradas como organizacións funcionais que prestan servizos profesionais de apoio ás Cáritas parroquiais integradas nelas. Neste sentido, destaca a vontade de ampliar e flexibilizar o acceso aos servizos especializados e profesionais das Cáritas interparroquiais ás Cáritas parroquiais da contorna xeográfica que desexen integrarse nelas, promovendo unha maior eficacia e eficiencia na acción destes servizos.

Na procura dunha maior coherencia organizativa, unificáronse os criterios de funcionamento das Comisións Permanentes e os Consellos, establecendo claridade nos procesos de toma de decisións, nomeamentos e funcionamento dos órganos pertinentes.

Fíxose un esforzo por regular a configuración do Fondo Operativo de Comunicación Cristiá de Bens, que faga realidade práctica o principio da comunicación cristiá de bens dentro da comunidade diocesana, o que permitirá operativizar os mecanismos de redistribución de fondos para apoiar a acción de todos os equipos e programas de Cáritas.

Ademais, púxose especial atención na necesidade de revisar e corrixir posibles deficiencias en materia de linguaxe inclusiva, garantindo a adecuada representación e participación de todos os membros da comunidade.

Así mesmo, promóvese o traballo en rede e a colaboración con outras entidades, tanto eclesiásticas como civís, co fin de potenciar a eficacia e o alcance das nosas accións solidarias.

Cómpre salientar a redacción do articulado concernente ao voluntariado, adecuándoo ao marco legal actual e adaptando as consideracións de tempo e grao de participación dos voluntarios á realidade sociolóxica actual, pensando especialmente na participación do voluntariado xuvenil.

Coa modificación estatutaria, respondemos á obrigación de recoller todas as esixencias normativas que regulan o funcionamento das organizacións non gobernamentais, deberes de transparencia e bo goberno, prevención de situacións de conflitos de intereses e demais normativa legal aplicable. Na súa elaboración participaron, a través dun proceso consultivo, todos os equipos de Cáritas parroquiais e voluntarios.

Estes estatutos caracterízanse pola súa concreción e concisión, definindo os asuntos específicos que deben de ser desenvolto en regulamentos complementarios.



Capítulo I

Da natureza, identidade e funcións de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela

ARTIGO 1: Natureza, personalidade xurídica, ámbito e duración

- 1 Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela é unha corporación pública da Igrexa (can. 116 &1 do Código de Dereito Canónico, en diante CIC), e posúe personalidade xurídica civil, en virtude da súa inscrición como asociación con número 000909 o 11 de marzo de 1981, no Rexistro de entidades relixiosas.
- 2 Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela configúranas as persoas e organismos que, organizados a teor destes estatutos, serven á acción caritativa e social da Igrexa católica nesta arquidiocese, erixida por decreto do cardeal arcebispo de Santiago de Compostela o 6 de novembro de 1965.
- 3 O ámbito de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela é o territorio da Arquidiocese de Santiago de Compostela e está composta polas Cáritas parroquiais e as interparroquiais existentes no ámbito da diocese, ademais dos servizos diocesanos e os centros de atención e acollida. O seu alcance chega a outros países mediante a cooperación internacional.
- 4 A duración de Cáritas Diocesana é, por natureza, ilimitada no tempo (canon 120 CIC). Só poderá disolverse na forma prevista nos presentes estatutos.

ARTIGO 2: Ámbito normativo

- 1 Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela é unha entidade sen fins lucrativos e goza de autonomía na administración dos seus propios bens e recursos. Correspóndelle a representación xurídica de Cáritas na Arquidiocese de Santiago. A representación de Cáritas Diocesana correspóndelle ás persoas titulares dos órganos competentes de acordo co capítulo V dos estatutos.
- 2 Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela réxese polos presentes estatutos e pola lexislación canónica e civil que lle sexa aplicable. En particular, é de aplicación a Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación, con carácter supletorio, e calquera outra que a actualice e a desenvolva regulamentariamente.
- 3 Así mesmo, Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela é unha entidade de voluntariado ao amparo da Lei estatal 45/2015 de voluntariado do 14 de outubro e figura rexistrada no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia segundo o artigo 32 da Lei 10/2011 de voluntariado de Galicia, do 22 de decembro, con número de rexistro Ou-78, e calquera outra norma que a actualice e desenvolva regulamentariamente, que leva a cabo as súas actuacións con programas de voluntariado deseñados e xestionados no marco da súa acción social e caritativa.

ARTIGO 3: Domicilio social

- 1 Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela ten o seu domicilio legal en rúa Carretas, 29 bis de Santiago de Compostela.
- 2 O Consello Diocesano acordará o cambio do domicilio social, que deberá ser aprobado polo arcebispo.

ARTIGO 4: Misión e fin de Cáritas Diocesana

- 1 A misión de Cáritas Diocesana é promover o desenvolvemento integral de todas as persoas, especialmente das máis pobres e excluídas e contribuír a erradicar as situacións de pobreza e exclusión para que calquera persoa poida vivir con plena dignidade.

- 2 Ten como fin específico realizar, promover, orientar, potenciar e coordinar a acción social caritativa e social da Igrexa cara ás persoas máis necesitadas e serve de órgano de coordinación e xestión da participación das comunidades cristiás na atención aos seus irmáns con necesidades. Serán colectivos de especial atención:
- + Nenos, nenas e adolescentes.
 - + Mulleres en situación de vulnerabilidade, con atención especial ao período de embarazo e lactación.
 - + Maiores en situación de vulnerabilidade ou soidade.
 - + Persoas en situación de desemprego.
 - + Persoas privadas de liberdade ou que o estiveran.
 - + Persoas con problemas sociosanitarios (mentais, bucodentais, de adicións etc.).
 - + Persoas sen fogar.
 - + Minorías étnicas.
 - + Migrantes.

Así como calquera outro no que concorran factores de exclusión social ou risco desta.

ARTIGO 5: Principios

- 1 Os principios de Cáritas dimanan do Evanxeo, a Boa Noticia de Deus encarnado en Xesucristo; cuxa expresión concreta se recolle no Mandamento Novo: "Amádevos uns a outros; como eu vos ameí".
- 2 A diaconía da acción social e caritativa. Amar e servir a persoa para salvagardar a súa dignidade é o impulso da acción de Cáritas. Recoñecer no próximo o rostro de Xesucristo, desde a súa identidade, a súa cultura e a súa historia, acompañalo no seu desenvolvemento persoal e social. A opción preferente polas persoas pobres e máis necesitadas.
- 3 O ben común. O conxunto de condicións da vida social que fan posible ás comunidades e a cada un dos seus membros o logro máis pleno e máis fácil da propia perfección. O ben común pódese considerar como a dimensión social e comunitaria do ben moral.
- 4 O destino universal dos bens. Os bens creados deben chegar a todas as persoas en forma equitativa baixo a égida da xustiza e coa compañía da caridade. O principio do destino universal dos bens da terra está na base do dereito universal ao uso dos bens.
- 5 A subsidiariedade. Entendida en sentido positivo, como axuda económica, institucional e lexislativa, ofrecida ás entidades sociais máis pequenas. Conforme a este principio, todas as sociedades de orde superior deben poñerse nunha actitude de axuda («subsidiium») –por tanto, de apoio, promoción e desenvolvemento– con respecto das menores.
- 6 A participación. Consistente, esencialmente, nunha serie de actividades mediante as cales a cidadanía, a título individual ou asociada, directamente ou por medio dos propios representantes, contribúe á vida cultural, económica, política e social da comunidade civil á que pertence. A participación é un deber que todos han de cumprir conscientemente, en modo responsable e con vistas ao ben común.
- 7 A solidariedade. O principio que confire particular relevo á intrínseca sociabilidade da persoa humana, á igualdade de todas as persoas en dignidade e dereitos, ao camiño común dos homes e dos pobos cara a unha unidade cada vez máis convencida. Nunca como hoxe existiu unha conciencia tan difundida do vínculo de interdependencia entre os seres humanos e entre os pobos, que se manifesta a todos os niveis.
- 8 A humanidade. A necesidade de actuar para previr e aliviar o sufrimento humano. O respecto pola dignidade humana e axudarlles ás persoas, independentemente de quen sexan e onde se atopen.
- 9 A independencia. Resistir calquera inxerencia, xa sexa política, ideolóxica ou económica, que poida desviar a entidade da súa misión e fin.

- 10 A transparencia e a rendición de contas. Poñer ao dispor de cada grupo de interese información accesible do goberno e funcionamento de Cáritas Diocesana, cumprindo polo menos os requisitos que estableza a normativa vixente, de maneira que permita e promova o coñecemento, os contidos e os fundamentos das decisións que se adopten.
- 11 A sustentabilidade social, económica e ambiental. O compromiso con que a xestión de recursos e persoas se poida manter durante longo tempo sen esgotar os recursos dispoñibles.
- 12 O compromiso coa eficacia e eficiencia na xestión dos recursos humanos e materiais de Cáritas Diocesana.
- 13 A comunicación cristiá de bens. O principio reitor na xestión de fondos e recursos materiais e humanos como expresión da equidade da achega activa de todos os membros da comunidade.

ARTIGO 6: Competencias

Para o cumprimento da súa misión e fin último, Cáritas Diocesana dispoñerá das seguintes competencias:

- 1 Desenvolver accións asistenciais e sociais:
 - a) Acoller, escoitar e acompañar as persoas que se atopan en situacións de pobreza, necesidade e exclusión ou risco de exclusión social.
 - b) Resolver situacións concretas de pobreza, necesidade e exclusión social proporcionando os consellos, as orientacións, o asesoramento e as axudas materiais que sexan oportunos en cada caso.
 - c) Establecer accións de prevención para evitar a exclusión social das persoas que sofren as situacións mencionadas anteriormente.
 - d) Axudar e facer promocións das persoas que se atopan nas situacións mencionadas para que saian adiante, ofrecéndolles os medios e os recursos adecuados, e traballando para que sexan protagonistas do seu propio proceso de transformación.
 - e) Darlles resposta adecuada, na medida das súas posibilidades, ás necesidades que xurdan en casos de emerxencias sociais no ámbito da arquidiocese e colaborar en accións que se promovan fóra deste ámbito.
 - f) Asumir de maneira efectiva a dimensión universal da caridade e, en coordinación con Cáritas Española, Cáritas Internationalis e outras institucións da Igrexa, acompañar proxectos de cooperación para o desenvolvemento en países empobrecidos, desde a cooperación fraterna coas Cáritas irmás. Impulsar, ao mesmo tempo, un comportamento social e persoal na nosa diocese e no seu caso, con voluntariado internacional de cooperación, coherente coas necesidades de desenvolvemento doutros pobos.
- 2 Desenvolver accións de sensibilización:
 - a) Difundir o espírito de caridade e de xustiza social sensibilizando a sociedade e animando a comunidade cristiá nos valores da solidariedade, a participación e a austeridade, poñendo no centro da súa acción a persoa e defendendo a súa dignidade, á luz do Evanxeo e da Doutrina Social da Igrexa.
 - b) Colaborar na formación da conciencia da comunidade diocesana en materia de xustiza social e de caridade, incorporando o Maxisterio de la Igrexa en temas sociais.
 - c) Promover e potenciar o voluntariado, como realización do compromiso cristián, comunitario, fraterno e solidario cos máis necesitados.
 - d) Promover a comunicación cristiá de bens e canalizar a axuda e solidariedade cara ás persoas, grupos e Cáritas parroquiais máis necesitadas.
 - e) Participar e colaborar no desenvolvemento da pastoral de conxunto da Igrexa arquidiocesana, seguindo as directrices da Doutrina Social da Igrexa, baixo o signo da opción preferente polas persoas pobres.

- 3 Desenvolver accións de análises e denuncia das situacións de inxustiza social:
 - a) Estudar e analizar as situacións de inxustiza social, investigando as súas causas e as súas consecuencias, para atopar solucións a estas, conforme á dignidade humana e as esixencias da xustiza e da caridade.
 - b) Difundir o coñecemento dos problemas existentes coa denuncia evanxélica das inxustizas que os procrean, agravan ou prolongan.
 - c) Cooperar cos organismos oficiais de asistencia e acción social, así como coas entidades de acción caritativa doutras igrexas e confesións relixiosas.
 - d) Defender e promocionar os dereitos humanos e favorecer as condicións para que sexan recoñecidos efectivamente.
- 4 Orientar e coordinar as accións eclesiais de asistencia e promoción social sobre as persoas, os grupos humanos e as comunidades, no sentido máis amplo, e especialmente as levadas a cabo polas Cáritas parroquiais e interparroquiais.
- 5 Impulsar a creación e potenciación das Cáritas parroquiais ou interparroquiais
- 6 Xestionar as persoas e os recursos económicos e materiais propios para a consecución da misión e fin establecidos, aplicando os principios incluídos nestes estatutos.
- 7 Cáritas Diocesana é membro de Cáritas Española, que é a Confederación de todas as Cáritas do territorio español, e, por ela, participa de Cáritas Europa e de Caritas Internationalis. Á súa vez, forma parte de Cáritas Federadas da Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela.

Capítulo II

Órganos de goberno de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela

ARTIGO 7: Estrutura directiva

- 1 Cáritas Diocesana rexerese polos seguintes órganos:
 - 1.1 Colexiados:**
 - a) A Asemblea Diocesana.
 - b) O Consello Diocesano.
 - c) A Comisión Permanente.
 - 1.2 Unipersoais:**
 - d) O Presidente.
 - e) O/A delegado/a episcopal.
 - f) O/A director/a.
 - g) O/A secretario/a xeral.
 - h) O/A responsable do Departamento de Recursos Económicos.
 - i) Os/As responsables do resto de departamentos.
- 2 Os conselleiros e cargos directivos de representación da entidade non son remunerables. Con todo, poderá haber cargos directivos remunerados, pero a devandita remuneración percibirana como traballadores da entidade segundo o posto para o que fosen contratados, nunca por ser membros de cargo de representación que teñen en Cáritas Diocesana. Neste caso, non poderán percibir as súas retribucións con cargo a fondos e subvencións públicas. Para os efectos aclaratorios, non percibirán emolumento ningún polo desempeño das súas funcións en Cáritas Diocesana, o arcebispo da diocese nin o/a delegado/a episcopal.

Coidarase a ausencia de conflito de intereses no exercicio e a remuneración dos cargos de Cáritas, así como o desempeño de calquera outra actividade directiva en entidades sen fins lucrativos vinculadas ou afíns, non sexa prexudicial para a entidade.

ÓRGANOS COLEXIADOS

ARTIGO 8: Dos órganos colexiados

Os órganos colexiados contarán co seu propio regulamento interno de funcionamento aprobado polo Consello Diocesano, onde se concretará a regulación e requisitos para determinar a delegación de xestións e a encomenda de funcións concretas.

DA ASEMBLEA DIOCESANA

ARTIGO 9: A Asemblea Diocesana

- 1 A Asemblea Diocesana é o órgano de participación de todo o voluntariado membro de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela e representantes de asociacións e institucións de acción caritativa e promoción social que se asociaron a Cáritas diocesana.
- 2 A Asemblea Diocesana estará composta polos seguintes membros:
 - a) O Consello Diocesano.
 - b) O voluntariado membro de Cáritas Diocesana.
 - c) Dous representantes de cada asociación e institución de acción caritativa e promoción social que se asociaron a Cáritas Diocesana, designados polos seus órganos competentes, que deberán quedar acreditados –con polo menos 10 días de antelación– ante o secretario/a xeral.

ARTIGO 10: Funcións da Asemblea Diocesana

- 1 Son funcións da Asemblea Diocesana as seguintes:
 - a) Ser informada dos nomeamentos dos órganos unipersoais de dirección.
 - b) Propoñer criterios e orientacións prácticas polos que se rexerán os programas e proxectos de Cáritas.
 - c) Recibir cumprida información sobre a xestión económica e financeira desde a última asemblea; así como propoñer melloras sobre as liñas fundamentais e directrices que han de conter os orzamentos, no seu caso, presente o Consello Diocesano.
 - d) Deliberar, a proposta do Consello Diocesano, ao redor das modificacións que se considere conveniente introducir nestes estatutos. O mesmo Consello presentarallas ao arcebispo da diocese para a súa aprobación, se procede.
 - e) Deliberar e facerlles propostas ao arcebispo sobre calquera asunto non contemplado nos presentes Estatutos e que sexa coherente cos fins propios de Cáritas.
 - f) Ser informada e propoñer melloras sobre a actividade desenvolvida polos órganos de dirección diocesanos que se constitúan.

ARTIGO 11: Convocatorias da Asemblea Diocesana

- 1 A Asemblea Diocesana será presidida polo arcebispo e, na súa ausencia, polo bispo auxiliar ou polo delegado/a episcopal.
- 2 A Asemblea Diocesana reunirse con carácter ordinario cada dous anos, e con carácter extraordinario sempre que o arcebispo da Diocese ou un terzo do Consello Diocesano o xulguen conveniente.
- 3 A convocatoria será tramitada polo secretario/a xeral e convocada polo director/a diocesano/a con, polo menos, 15 días de antelación á data da súa realización. A convocatoria, que haberá de remitírselles aos consiliarios e aos directores/as de Cáritas, que deberán dar traslado ao resto do voluntariado e á representación legal das asociacións e institucións asociadas, deberá incluír, ademais do lugar e data da celebración da Asemblea, a orde do día desta.
- 4 A Asemblea Diocesana quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, coa asistencia da metade máis un dos membros e, en segunda convocatoria, media hora máis tarde, cos presentes.

DO CONSELLO DIOCESANO DE CÁRITAS

ARTIGO 12: O Consello Diocesano de Cáritas

- 1 O Consello Diocesano é o órgano de Goberno de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela.
- 2 O Consello estará composto por:
 - a) Os integrantes da Comisión Permanente.
 - b) O consiliario e o/a director/a de cada Cáritas interparroquial.
 - c) Dous representantes de cada zona pastoral elixidos polas Cáritas parroquiais non integradas nunha interparroquial, entre os membros dos consellos parroquiais das Cáritas da zona pastoral.
 - d) Un/ha representante de cada unha das asociacións e institucións de acción caritativa e promoción social asociadas a Cáritas Diocesana.
 - e) Tres membros voluntarios nomeados directamente pola Presidencia.
- 3 Na composición do Consello tenderase a unha participación equilibrada entre mulleres e homes, de forma que as persoas de cada sexo non superen o 60 % nin sexan menos do 40 %.

ARTIGO 13: Funcións do Consello Diocesano

- 1 Son funcións propias do Consello Diocesano:
 - a) Ser consultado sobre o/a candidato/a para director/a de Cáritas Diocesana.
 - b) Aprobar a contratación e o cesamento do persoal profesional indefinido de Cáritas da Diocese, que será asinado polo/a director/a diocesano/a. Esta función poderá ser delegada, para casos urxentes ou imprevistos, nunha mesa de contratación composta polo/a secretario/a xeral, o/a responsable do Departamento de Recursos Humanos e o/a responsable do Departamento de Recursos Económicos, e darase conta no Consello seguinte das contratacións efectuadas. Determinar os criterios segundo os cales os directores/as de Cáritas interparroquial poderán autorizar o resto de contratacións para baixas, substitucións e outras situacións temporais.
 - c) Concretar criterios, programas e proxectos de acordo coas propostas realizadas pola Asemblea Diocesana e garantir a súa avaliación periódica.
 - d) Aprobar os criterios de administración dos recursos de Cáritas Diocesana ao servizo da Comunicación Cristiá de Bens.
 - e) Aprobar nos seis primeiros meses de cada ano as contas anuais de Cáritas Diocesana correspondente ao exercicio anterior, pechado o 31 de decembro. Aprobar o orzamento do exercicio seguinte antes de finalizar o primeiro trimestre do ano; e presentar cada ano rendición detallada de contas ao arcebispo.
 - f) Aprobar a disposición dos fondos e de todo tipo de actos de dominio e administración.
 - g) Estimular e aprobar a creación de Cáritas parroquiais e interparroquiais, orientando e establecendo criterios de colaboración. Será tamén competente para recoñecer a súa disolución.
 - h) Resolver as propostas de asociación que presenten as institucións de acción caritativa e de promoción social, coa ratificación, no seu caso, por parte do arcebispo.
 - i) Supervisar a xestión de fundacións, empresas de inserción ou de entidades vinculadas
 - j) Manter as relacións e a necesaria coordinación cos organismos e entidades, tanto públicas como privadas.
 - k) Confeccionar a orde do día da Asemblea Diocesana.
 - l) Acordar o cambio do domicilio social, que deberá ser aprobado polo arcebispo.

DA COMISIÓN PERMANENTE

ARTIGO 14: Da Comisión Permanente

- 1 A Comisión Permanente de Cáritas Diocesana é o órgano de seguimento dos acordos do Consello Diocesano de Cáritas e a encargada de velar polo cumprimento destes.
- 2 Estará composta polos seguintes membros:
 - a) Presidente.
 - b) Delegado/a episcopal.
 - c) Director/a diocesano/a.
 - d) Secretario/a xeral.
 - e) Responsable do Departamento de Recursos Económicos.
 - f) Responsables dos departamentos dos Servizos Centrais de Cáritas Diocesana.
 - g) Directores/as das Cáritas interparroquiais.

ARTIGO 15: Funcións da Comisión Permanente:

- 1 Son funcións da Comisión Permanente:
 - a) Confeccionar a orde do día das reunións do Consello Diocesano.
 - b) Resolver os asuntos de carácter ordinario que se poidan presentar no funcionamento de Cáritas Diocesana e dar conta diso ao Consello Diocesano.
 - c) Actuar como órgano executivo do Consello Diocesano e preparar as reunións deste.
 - d) Establecer os criterios e o control do funcionamento e coordinación interna do persoal e os Servizos Centrais de Cáritas Diocesana.
 - e) Velar polo adecuado cumprimento do Código Ético e Código de Conduta establecidos por Cáritas Española, dos plans de Igualdade, de Prevención de Riscos Laborais e similares, o réxime disciplinario, os plans de calidade e demais plans, protocolos e procedementos de organización e xestión de Cáritas Diocesana, aprobando ou elevando no seu caso ao Consello Diocesano as medidas que lle correspondan en aplicación dos devanditos plans e protocolos e procedementos.
 - f) Aprobar as solicitudes do fondo da Comunicación Cristiá de Bens.
 - g) Todas aquelas outras funcións que lle sexan encomendadas ou delegadas polo Consello Diocesano.

ÓRGANOS UNIPERSOAIS

DA PRESIDENCIA

ARTIGO 16: Presidente

- 1 A presidencia de Cáritas Diocesana correspóndelle ao arcebispo como máxima autoridade xerárquica. Toda actuación de Cáritas Diocesana está sometida ao pastor e sucesor dos apóstolos na Igrexa particular de Santiago de Compostela, ao que tamén corresponde a alta dirección desta. En por si, ou polo/a seu/súa delegado/a, establecerá os criterios de actuación e normas de acción que estime pertinentes para o bo funcionamento de Cáritas.
- 2 Ten as seguintes funcións:
 - a) Presidir os distintos órganos de goberno de Cáritas Diocesana.
 - b) Nomear un/ha delegado/a Episcopal que o/a represente nos distintos órganos de Cáritas Diocesana.
 - c) Establecer os criterios de actuación e normas de acción que estime pertinentes para o bo funcionamento de Cáritas.
 - d) O nomeamento do/da director/a e a súa revogación, oído o Consello Diocesano.

- e) Os nomeamentos do/a secretario/a xeral, o/a responsable do Departamento de Recursos Económicos, os/as responsables dos departamentos e os/as directores/as das Cáritas interparroquiais, a proposta do/da director/a.
- f) O nomeamento ou asignación temporal de funcións dos órganos unipersoais de Cáritas Diocesana en caso de baixa ou ausencia temporal destes.
- g) O nomeamento, se o cre conveniente, de ata tres persoas relacionadas coa diocese como membros do Consello Diocesano.
- h) A revogación, por causa grave ou cando o crea conveniente, de calquera membro do Consello Diocesano.
- i) A aprobación de actos económicos extraordinarios segundo o establecido pola Conferencia Episcopal Española e polo Código de Dereito Canónico (CIC).

ARTIGO 17: Delegado/a episcopal

- 1 O delegado/a episcopal é o representante do arcebispo e da Igrexa Diocesana en Cáritas Diocesana e nos seus órganos de goberno.
- 2 Ten as seguintes funcións:
 - a) Presidir, en nome do arcebispo, os órganos de goberno de Cáritas, cando este non asista.
 - b) Promover e velar pola identidade e eclesialidade de Cáritas, das súas publicacións e dos seus axentes.
 - c) Coidar que en todos os ámbitos de acción de Cáritas o servizo que se realiza sexa coherente coa Doutrina Social e o Maxisterio de la Igrexa.
 - d) Velar pola integración da acción caritativo-social na pastoral xeral da Diocese.
 - e) Propoñer os nomeamentos dos consiliarios das Cáritas interparroquiais.
 - f) Orientar, coordinar e impulsar a teoloxía e a pastoral da caridade nos distintos ámbitos de Cáritas.
 - g) Acompañar e apoiar os consiliarios das diferentes Cáritas da diocese e os seminaristas en formación como futuros consiliarios.
 - h) Fomentar a formación permanente e integral na teoloxía e a pastoral da caridade de todos os axentes de Cáritas, para o que terá asignada a unidade administrativa de Animación Comunitaria, Identidade e Voluntariado.
 - i) Propoñer orientacións para as celebracións litúrxicas de Cáritas nas reunións, xornadas e campañas.
 - j) Promover novas Cáritas en todas as parroquias da diocese.
 - k) Favorecer a cooperación en rede e a Comunicación Cristiá de Bens dentro das Cáritas parroquiais e interparroquiais.
 - l) Representar a Cáritas Diocesana de Santiago nos órganos de Cáritas Española que así o teñan establecido. Esta representación poderá ser delegada en cada convocatoria noutro membro da Comisión Permanente.
 - m) Outras que especifique o decreto de nomeamento e cantas lle encomende o arcebispo.

ARTIGO 18: Director/a diocesano/a

- 1 O/A director/a diocesano é o/a responsable executivo de Cáritas Diocesana.
- 2 Ao director/a de Cáritas Diocesana correspóndenlle as seguintes funcións:
 - a) Confeccionar a orde do día das reunións da Comisión Permanente, co coñecemento e visto e prace do presidente.
 - b) Convocar e dirixir as reunións da Asemblea Diocesana, do Consello Diocesano e da Comisión Permanente, e velar polo seu adecuado desenvolvemento.
 - c) Executar mediante os departamentos dos Servizos Centrais de Cáritas Diocesana, os acordos, os proxectos e programas aprobados pola Comisión Permanente e o Consello Diocesano.

- d) Coordinar as actividades dos distintos departamentos.
- e) Operar con caixas oficiais, caixas de aforro, bancos, incluso o de España e as súas sucursais, facendo todo canto a lexislación e prácticas bancarias permitan. Recoñecer débedas e aceptar créditos, facer e recibir préstamos, pagar e cobrar cantidades; facer efectivos libramentos, dar ou aceptar bens en ou para pagos; outorgar transaccións, compromisos e renunciacións; avalar e afianzar. Seguir, abrir e cancelar contas e cartillas de aforro, contas correntes e de crédito e caixas de seguridade. Concertar leasings, rentings, factorías e calquera outros contratos mercantís, así como solicitar avais. Esta facultade atenderá á cualificación de actos de administración, recollida nos artigos 55 e seguintes.
- f) Administrar, nos máis amplos termos, bens e inmobles. Comprar, vender, retraer e permutar, pura ou condicionalmente, con prezo confesado, aprazado ou pago en man, toda clase de bens mobles e inmobles, dereitos reais e persoais. Esta facultade atenderá á cualificación de actos de administración, recollida nos artigos 55 e seguintes.
- g) Exercer o comercio; outorgar contratos de traballo, de transporte e de traspaso de local de negocio; retirar e remitir xéneros, envíos e xiros; repartir e levar a correspondencia de calquera clase, coa súa sinatura. Constituír e modificar sociedades; nomear, aceptar e desempeñar cargos nelas e intervir nas súas xuntas; rescindilas, disolverlas e liquidalas. Esta facultade atenderá á cualificación de actos de administración, recollida nos artigos 55 e seguintes.
- h) Ter a representación legal de Cáritas Diocesana ante calquera institución eclesiástica ou civil e poderase delegar no secretario/a xeral ou noutro membro da Comisión Permanente para cuestións puntuais e concretas. Terá poder notarial suficiente para o desenvolvemento da súa función, e poderá, á súa vez, apoderar a outras persoas, cando o considere oportuno.
- i) Representar a Cáritas Diocesana nas Asembleas de Cáritas Española e nas reunións da Federación das Cáritas Diocesanas en Galicia.
- j) Manter unha relación periódica co arcebispo, cos consellos parroquiais e interparroquiais e coas asociacións e institucións de Acción Caritativa e Promoción Social asociadas a Cáritas Diocesana.
- k) Coordinar e promover, xuntamente co/coa delegado/a episcopal, a acción caritativa e social e o desenvolvemento institucional de Cáritas Española.
- l) Propoñerlle ao arcebispo para a súa ratificación os nomeamentos do/da secretario/a xeral, do/da responsable do Departamento de Recursos Económicos e dos/das responsables dos departamentos dos Servizos Centrais, e dos/das directores/as das Cáritas interparroquiais.
- m) Asinar os contratos de traballo do persoal profesional de Cáritas da diocese que sexan aprobados polo Consello Diocesano ou, no seu caso, pola mesa de contratación. É tamén da súa competencia a sinatura de contratos de duración determinada, cando razóns de urxencia así o pidan, e dar logo coñecemento ao Consello Diocesano ou á mesa de contratación.

ARTIGO 19: Secretario/a xeral

- 1 O/A secretario/a xeral é a persoa responsable do funcionamento ordinario da entidade.
- 2 O/A secretario/a xeral de Cáritas Diocesana ten como funcións:
 - a) Formalizar a convocatoria, confeccionada polo director/a diocesano co visto e prace e coñecemento do arcebispo, das reunións dos órganos colexiados.
 - b) Controlar a recepción e o envío da correspondencia nos Servizos Centrais de Cáritas Diocesana.
 - c) Coordinar a redacción da memoria anual de Cáritas Diocesana.

- d) Redactar as actas de cada sesión da Asemblea, do Consello e da Comisión Permanente; actas que, unha vez aprobadas na sesión seguinte inmediata de cada órgano, serán asinadas polo/pola director/a e o/a propio/a secretario/a e pasadas ao libro de actas.
- e) Gardar e conservar diligentemente cada un dos respectivos libros e exhibírllelos á autoridade eclesíastica ou aos membros do órgano correspondente cando o soliciten.
- f) Custodiar e manter ao día o rexistro central.
- g) Estender as correspondentes certificacións co visto e prace do/a director/a cando lexitimamente foren solicitadas.
- h) Asumir as funcións que delegue nel, ou lle encomende, o/a director/a, ou substituílo/a en caso de ausencia, valorada pola Comisión Permanente tendo en conta a duración desta e a necesidade da suplencia.
- i) i) Exercer a responsabilidade sobre os sistemas informáticos: hardware, software, comunicacións (deseño, selección, seguridade, contratación, supervisión) e xestión das incidencias informáticas.
- j) j) Exercer a responsabilidade da planificación, xestión e avaliación dos sistemas de información da entidade.
- k) k) Planificar, xestionar e avaliar os sistemas de calidade da entidade.
- l) l) Deseñar e xestionar os cadros de mando da entidade.
- m) Garantir o cumprimento normativo da entidade e dos plans, protocolos e procedementos establecidos.

ARTIGO 20: Responsable do Departamento de Recursos Económicos

- 1 É a persoa voluntaria encargada da adecuada administración dos bens e servizos materiais e económicos de Cáritas Diocesana.
- 2 As funcións do responsable do Departamento de Recursos Económicos son:
 - a) Asinar co visto e prace do/a director/a as ordes de pago dentro dos límites fixados no orzamento anual e os que establece o Código de Dereito Canónico (CIC).
 - b) Controlar e dirixir a contabilidade xeral e a realización de orzamento de gastos e ingresos.
 - c) Formular as contas da administración periodicamente e presentalas á Comisión permanente ou cando esta o solicite, e sempre antes de facelo ante o Consello e Asemblea de Cáritas Diocesana; tamén ao final de cada exercicio económico; que unha vez aprobadas polos órganos competentes se remitirá ao arcebispo (c. 1.287).
 - d) Ordenar e gardar debidamente os arquivos e documentos de Cáritas Diocesana correspondentes á administración, así como entregarlle ao/á director/a os libros oficiais ou os soportes correspondentes unha vez finalizada a súa función.
 - e) Dispoñer de sinatura nas contas de Cáritas xunto co/a delegado/a episcopal, director/a e o/a secretario/a xeral, nas condicións que regulen as disposicións internas de Cáritas.
 - f) Controlar as existencias en almacéns, rendibilizar as subministracións e controlar as compras.
 - g) Manter ao día o inventario de bens de Cáritas.
 - h) Impulsar e colaborar en iniciativas para a obtención de recursos para levar a cabo os obxectivos de Cáritas.
 - i) Xestionar (seleccionar e avaliar) compras e provedores.
 - j) Exercer a responsabilidade das relacións coas entidades financeiras, entidades de auditoría e administracións públicas relacionadas con aspectos económicos.
 - k) Exercer a responsabilidade dos sistemas de financiamento e ingresos da entidade.
 - l) Dar seguimento a compromisos financeiros (impostos, nómina, débedas, pagos a provedores etc.).

- m) Supervisar auditorías internas.
- n) Exercer a responsabilidade da xestión de incidencias no ámbito de recursos materiais.
- o) Exercer a responsabilidade da xestión dos locais, aparataxe e maquinaria da entidade.
- p) Levar a contabilidade e realizar os informes de seguimento do Fondo Diocesano de Comunicación Cristiá de Bens.
- q) Exercer a responsabilidade da xestión das subvencións da organización.

ARTIGO 21: Responsable do Departamento de Recursos Humanos

- 1 É a persoa o/a voluntario/a a quen lle compete a dirección dos recursos humanos da entidade, responsable de organizar e xestionar o persoal contratado de Cáritas Diocesana, así como o/a voluntario/a.
- 2 Ten entre as súas funcións as seguintes:
 - a) Dirixir e xestionar o persoal da entidade.
 - b) Exercer a responsabilidade das relacións laborais e da representación sociolaboral.
 - c) Exercer a responsabilidade da seguridade laboral. A prevención de riscos laborais.
 - d) Exercer a responsabilidade dos sistemas de selección de persoal.
 - e) Exercer a responsabilidade da acollida e a formación do persoal, a súa capacitación e desenvolvemento.
 - f) Exercer a responsabilidade da xestión de nóminas.
 - g) Exercer a responsabilidade da xestión da igualdade de xénero no ámbito laboral.
 - h) Exercer a responsabilidade da comunicación interna.
 - i) Exercer a responsabilidade da análise e a descrición de postos de traballo.
 - j) Exercer a responsabilidade dos sistemas de avaliación do desempeño, beneficios sociais e recompensas.
 - k) Exercer a responsabilidade da elaboración dos informes relacionados co persoal laboral e voluntario.
 - l) Exercer a responsabilidade do clima laboral entre o persoal e o voluntariado.
- m) Exercer a responsabilidade da xestión de incidencias en recursos humanos e sistemas de xestión disciplinaria na entidade.

ARTIGO 22: Responsable do Departamento de Programas de Atención Social

- 1 É a persoa responsable do departamento encargado de velar para que todas as persoas teñan cubertas as súas necesidades básicas e se sintan apoiadas ante situacións de precariedade e exclusión social, atendendo á cobertura das devanditas necesidades e mediante programas de desenvolvemento sociolaboral, sempre desde unha perspectiva de atención á familia.
- 2 Ten entre as súas funcións:
 - a) Promover a dignidade da persoa humana a través da integración e a promoción social.
 - b) Analizar e atender a realidade máis próxima, apoiando e acompañando a cada Cáritas parroquial.
 - c) Promover itinerarios persoais de inserción social.
 - d) Desenvolver programas e proxectos dirixidos a persoas en situación ou risco de exclusión, onde sexan elas as protagonistas da súa promoción social.
 - e) Acoller e integrar a persoas migrantes nas nosas comunidades.
 - f) Sensibilizar as comunidades cristiás e á propia sociedade sobre a urxencia de atender o feito migratorio, actuar sobre as súas causas e promover accións para darlle solución.

ARTIGO 23. Responsable do Departamento de Comunicación

- 1 A persoa responsable do Departamento de Comunicación ten por misión xestionar a imaxe e coidar a reputación de Cáritas Diocesana, así como a promoción dos valores de xustiza social e solidariedade na sociedade.

2 Ten as seguintes funcións:

- a) Formar a conciencia da freguesía e da sociedade en xeral sobre as diversas dimensións de Cáritas.
- b) Realizar e avaliar as campañas de sensibilización social.
- c) Dar a coñecer a identidade e actividades de Cáritas.
- d) Coidar as publicacións propias e as relacións cos medios de comunicación.
- e) Exercer a responsabilidade dos sistemas de comunicación.
- f) Dirixir e xestionar as plataformas de información da entidade na internet e en redes sociais.

ARTIGO 24: Responsable do Departamento de Economía Social e Formación Sociolaboral

1 A persoa responsable deste departamento asumirá os labores de sensibilización, acción e compromiso coas iniciativas de emprego inclusivo (programas que escoitan as persoas e lles ofrecen oportunidades de acceso ao emprego en condicións de igualdade), coa economía social (unha economía que suma empresas e persoas en busca dun ben común), coas finanzas éticas (desde un sistema financeiro con valores que cambie o enfoque do modelo económico) e o comercio xusto (un modelo de comercio que coide as persoas e o medio ambiente).

2 Entre as súas funcións destacan:

- a) Coordinar os proxectos de formación, mediación e xestión de oferta en colaboración co mercado laboral para a inserción sociolaboral.
- b) Promover proxectos de economía social, especialmente empresas de inserción social, autoemprego e cooperativismo; e realizar o seguimento dos proxectos que xa se atopen en funcionamento.
- c) Promover proxectos e avaliar que todas as actividades e programas de Cáritas Diocesana actúen con criterios de economía solidaria e sustentabilidade.
- d) Deseñar itinerarios individualizados que contemplan a orientación, a formación e a prospección laboral co fin último de lograr a inserción sociolaboral.
- e) Realizar prospección de mercado para identificar e establecer os acordos e convenios de colaboración co sector empresarial para facilitar a inserción sociolaboral dos participantes en Cáritas.
- f) Promover o recoñecemento e a colaboración con empresas comprometidas coa economía social.
- g) Promover as finanzas éticas dentro da entidade e as entidades colaboradoras.
- h) Promover o comercio xusto e iniciativas de economía social de cooperación internacional a través de Cáritas Española e Caritas Internationalis.
- i) Propoñer iniciativas de análises e posicionamento de Cáritas Diocesana sobre temas de economía social.
- j) Sensibilizar e formar interna e externamente sobre a economía social e o traballo en rede.

ARTIGO 25: Responsable do Departamento de Orientación Xurídica

1 É a persoa encargada de levar a cabo o conxunto de actividades xurídicas para velar e manter a aliñación de Cáritas coa normativa establecida. Ademais, defende os bens e intereses de Cáritas Diocesana ante calquera conflito, así como as negociacións con terceiros.

2 As súas funcións serán:

- a) Velar polo cumprimento normativo da entidade e a súa adecuación permanente á lexislación vixente (protección de datos, igualdade etc.).
- b) Realizar o asesoramento legal dentro da entidade.
- c) Elaborar informes sobre a legalidade de proxectos, convenios e contratos.
- d) Asesorar, en materia legal, a Cáritas Diocesana nas relacións institucionais.
- e) Velar pola defensa legal da entidade.
- f) Asesorar a Cáritas Diocesana ante requirimentos legais de autoridades xudiciais ou administrativas.

- g) Asesorar nos expedientes disciplinarios que puidesen chegar a instruírse dentro de Cáritas Diocesana.
- h) Asistir, asesorar e acompañar as persoas participantes en todos os aspectos xurídicos que soliciten, con atención especial as persoas migrantes.
- i) Derivar e acompañar na solicitude de asistencia xurídica gratuíta ás persoas participantes que o necesiten e teñan dereito a iso.

ARTIGO 26: Servizos Centrais de Cáritas Diocesana

- 1 Cáritas Diocesana realizará a súa misión a través dos Servizos Centrais mediante unidades administrativas con dependencia directa dos órganos de dirección unipersoais:
 - a) Economía Social e Formación Sociolaboral.
 - b) Animación Comunitaria, Identidade e Voluntariado.
 - c) Programas de Atención Social.
 - d) Comunicación.
 - e) Recursos Humanos.
 - f) Xestión Económico-Administrativa.
 - g) Servizo Xurídico.
 - h) Sistemas de Información, Tecnoloxía e Calidade.
- 2 As unidades administrativas poderán variar, creándose ou suprimíndose pola Comisión Permanente, para adecualas ás necesidades da Organización.
- 3 O Consello Diocesano, a proposta da Comisión permanente, poderá aprobar as normas de funcionamento e protocolos que desenvolvan e expliciten as competencias, modos de actuar e actividades propias, así como a coordinación entre as unidades administrativas.
- 4 As unidades administrativas estarán baixo a dirección da vogalía responsable do departamento ao que estean adscritas.
- 5 Cáritas Diocesana poderá crear a figura do/a xestor/a dos servizos administrativos, coas responsabilidades e capacidades que estableza o seu posto de traballo.

Capítulo III

Da comunidade de Cáritas

ARTIGO 27: Integrantes da comunidade de Cáritas

- 1 Forman parte de Cáritas Diocesana:
 - a) Persoas voluntarias.
 - b) Persoas contratadas.
 - c) Doantes (persoas físicas ou xurídicas).
 - d) Persoas participantes.

ARTIGO 28: Persoas voluntarias

- 1 O voluntariado é un elemento esencial da identidade de Cáritas. As persoas voluntarias comprométense cos outros e polos outros desde a radicalidade e a gratuidade do amor que nace da fe.
- 2 O voluntariado, segundo o Modelo de Acción Social de Cáritas, acompañaa, promove, sostén, potencia, posibilita e dinamiza o desenvolvemento integral, e valora a persoa que atende, pero non a supe.
- 3 O voluntariado en Cáritas ten as seguintes características:
 - a) Persoas maiores de idade. As maiores de 16 e menores de 18 anos deberán contar co consentimento dos seus proxenitores, titores ou representantes legais. As menores de 16 anos e maiores de 12 poderán levar a cabo accións de voluntariado se contan coa autorización expresa dos seus proxenitores, titores ou representantes legais e valorarase que aquelas promovan o seu desenvolvemento e formación integral.

- b) Gratuidade.
 - c) Compromiso coa xustiza social.
 - d) Coherencia cos valores cristiáns e da entidade, obrigándose a cumprir co seu código ético, de conduta, plans de igualdade e de cumprimento normativo, e todos aqueles que a entidade desenvolva no cumprimento da lexislación aplicable.
 - e) Capacidade de organizarse e dispoñibilidade para a acción e para a formación.
- 4 Os dereitos e deberes do voluntariado plasmaranse na Acta do Voluntariado de Cáritas Española e no Acordo de Incorporación, que especificará o período de participación como voluntario/a nos casos de colaboración temporal, asinado polo párroco ou consiliario da Cáritas parroquial, interparroquial ou diocesana que o avalan, que se incorporarán ao Rexistro de Voluntariado de Cáritas Diocesana de Santiago.
- 5 Causarán baixa por petición propia, por finalización do período de participación acordado, por falecemento, por incapacidade para a realización da actividade como voluntario/a, por incompatibilidade ou por incumprimento do acordo de incorporación ou da normativa aplicable ao voluntariado por acordo do Consello Diocesano, logo de audiencia ao/á interesado/a e do consiliario da Cáritas que avalou a súa incorporación.

ARTIGO 29: Persoas traballadoras de Cáritas

- 1 As persoas traballadoras de Cáritas colaboran coa misión desta e asumen os valores cristiáns que forman parte do carisma da institución na súa capacidade transformadora das persoas e a súa circunstancia social, promovendo a súa dignidade, o seu coidado e o seu desenvolvemento integral, dándolles prioridade ás persoas pobres, excluídas e aquelas que se atopen en risco de exclusión.
- 2 O persoal de Cáritas Diocesana deberá coñecer e cumprir co código ético, de conduta, plans de prevención de riscos, de igualdade, de cumprimento normativo e aqueloutras que a entidade desenvolva no correcto cumprimento da normativa aplicable.

ARTIGO 30: Doantes

- 1 Son as persoas físicas ou xurídicas que colaboran con Cáritas Diocesana a través da doazón periódica ou esporádica de bens, produtos ou servizos, de forma altruísta.
- 2 Teñen dereito a ser informados a través das publicacións e medios de comunicación da entidade e a recibir as certificacións fiscais oportunas.

ARTIGO 31: Participantes

- 1 Forman parte de Cáritas as persoas atendidas nos distintos servizos e programas, sen discriminación por calquera circunstancia ou condición persoal.
- 2 Teñen dereito a recibir información detallada e comprensible dos dereitos e deberes que teñen ao aceptar participar nos programas e servizos de Cáritas.
- 3 Cáritas Diocesana adoptará as iniciativas e medidas necesarias para facilitar a participación e colaboración activa no deseño, execución e avaliación dos programas e servizos nos que participan.

Capítulo IV

Da Cáritas parroquial

ARTIGO 32: Cáritas parroquial

- 1 A comunidade parroquial é o suxeito da acción socio-caritativa da Igrexa diocesana. A comunidade cristiá actúa a través de Cáritas parroquial como unidade de acción para impulsar e coordinar as actividades caritativas e de promoción social que se desenvolvan na parroquia.

- 2 A Cáritas parroquial ten carácter de unidade funcional de Cáritas Diocesana, carece de personalidade xurídica propia, a cal lle virá dada a través de Cáritas Diocesana, e está suxeita ás normas reguladoras daquela.
- 3 A Cáritas parroquial ten como ámbito de actuación as persoas residentes no territorio da parroquia ou da agrupación de parroquias, de acordo coa planta territorial diocesana. Unha mesma Cáritas parroquial pode integrar a unha única parroquia ou a varias cando así estea acordado entre os párrocos titulares.
- 4 A Cáritas parroquial realizará como función principal a atención e acollida ás persoas participantes da súa parroquia, atendendo ás necesidades básicas destas segundo as súas posibilidades, e participando activamente cos servizos e programas de Cáritas interparroquial e Cáritas Diocesana para prestar o mellor servizo e atención ás persoas participantes.
- 5 A constitución de Cáritas parroquial será aprobada polo Consello Diocesano de Cáritas a proposta do párroco, dos párrocos das comunidades parroquiais asociadas ou do párroco encargado da unidade pastoral.
- 6 Establecerase un procedemento específico cos requisitos e documentación que hai que presentar para solicitar a creación ou modificación da Cáritas parroquial.

ARTIGO 33: Organización de Cáritas parroquial

- 1 A Cáritas parroquial rexerese polo Consello de Cáritas parroquial, conformado por:
 - a) O párroco-consiliario.
 - b) O/A director/a.
 - c) O/A secretario/a.
 - d) O/A responsable do Departamento de Recursos Económicos.
 - e) O equipo de voluntarios/as da Cáritas parroquial.

ARTIGO 34: Consello Parroquial

- 1 O Consello Parroquial é o órgano de dirección e xestión da acción caritativa parroquial.
- 2 Os membros do Consello de Cáritas parroquial serán designados por:
 - a) O/A director/a polo párroco.
 - b) Os demais membros, polo/a director/a de a Cáritas parroquial, co visto e prace do párroco.
- 3 Son funcións do Consello de Cáritas parroquial:
 - a) Promover a caridade e sensibilizar ante as situacións de exclusión, pobreza e inxustiza social na comunidade parroquial.
 - b) Acoller, escoitar, acompañar e atender eficazmente as persoas en risco ou en situación de exclusión residentes na parroquia, seguindo os criterios establecidos por Cáritas Diocesana. Participar activamente nos programas e proxectos de Cáritas Diocesana.
 - c) Elaborar o orzamento anual, a memoria, o balance e a liquidación do orzamento de acordo cos criterios de Cáritas Diocesana. Informar cada ano da rendición de contas á comunidade parroquial.
 - d) Velar polo correcto cumprimento normativo dos dereitos e deberes das persoas participantes e voluntarias da Cáritas parroquial.
 - e) Comprometerse coa avaliación para a mellora continua do servizo socio-caritativo.
 - f) Realizar a xestión dos recursos económicos de acordo coa normativa e criterios de Cáritas Diocesana.
- 4 O Consello deberá establecer o seu réxime de funcionamento interno, seguindo o modelo establecido por Cáritas Diocesana.

ARTIGO 35: Consiliario

- 1 Ao consiliario de Cáritas parroquial correspóndenlle as seguintes funcións:
 - a) Velar pola identidade de Cáritas.
 - b) Informar o consiliario de Cáritas interparroquial, ou no seu caso, o delegado/a episcopal de Cáritas Diocesana, sobre a marcha da acción caritativa na parroquia.
 - c) Asesorar o Consello Parroquial e o seu director ou directora en cantos asuntos sexan sometidos á súa consideración ou el estime oportuno expor.
 - d) Nomear e cesar o/a director/a.
 - e) Propoñer as altas e as baixas do voluntariado de Cáritas parroquial.

ARTIGO 36: Director/a de Cáritas parroquial

- 1 Ao/á director/a de Cáritas parroquial correspóndenlle as seguintes funcións:
 - a) Dirixir a Cáritas parroquial e convocar as reunións do seu Consello.
 - b) Velar polo cumprimento dos acordos tomados polo Consello de Cáritas parroquial.
 - c) Ter a representación de Cáritas parroquial ante Cáritas Diocesana e Cáritas interparroquial, que se pode delegar, en caso necesario, noutro membro do Consello.

ARTIGO 37: Secretario/a e Responsable de Recursos Económicos de Cáritas parroquial

- 1 Ao/á secretario/a de Cáritas parroquial correspóndenlle principalmente as seguintes funcións:
 - a) Coidar o arquivo de Cáritas parroquial e redactar a memoria anual.
 - b) Actuar como secretario/a nas reunións de Cáritas parroquial, redactando as actas correspondentes.
- 2 Á persoa responsable de Recursos Económicos de Cáritas parroquial compétenlle, principalmente, as seguintes funcións:
 - a) Ordenar cobranzas e pagos dentro dos límites autorizados, asinando os xustificantes co visto e praxe do/a director/a.
 - b) Ter ao día o inventario de Cáritas parroquial.
 - c) Elaborar os informes de contas, balance e liquidacións de contas correspondentes ao exercicio anterior segundo os criterios fixados por Cáritas Diocesana.
- 3 A función de secretario/a e de responsable de Recursos Económicos poderá ser realizada pola mesma persoa por funcionalidade do equipo de Cáritas, se así se decide no Consello Parroquial.

Capítulo V

Das Cáritas interparroquial

ARTIGO 38: Programas de Cáritas interparroquial

Os programas de acción das Cáritas interparroquiais constitúenos aquelas necesidades, problemas ou situacións comúns de marxinación e pobreza que desbordan o ámbito parroquial e requiren servizos profesionalizados compartidos entre todas as Cáritas parroquiais que a conforman. As Cáritas interparroquiais non suplantarán nin absorberán as Cáritas parroquiais.

ARTIGO 39: Cáritas interparroquial

- 1 As Cáritas interparroquiais son organizacións sen entidade xurídica propia dentro de Cáritas Diocesana, integradas por Cáritas parroquiais dun determinado territorio, para a coordinación das actividades de acción caritativa e promoción social no correspondente ámbito xeográfico, cando as necesidades de servizos profesionais o aconsellen. A súa creación pode ser promovida polas propias Cáritas parroquiais ou por Cáritas Diocesana.
- 2 A proposta de creación dunha Cáritas interparroquial deberá conter a especificación do cumprimento dos requisitos de capacidade financeira, organización e estrutura suficientes para dar cumprimento aos termos especificados nos presentes estatutos.

- 3 No acordo de creación das Cáritas interparroquiais, Cáritas Diocesana definirá o ámbito territorial de actuación, de maneira que una mesma Cáritas parroquial só poida estar integrada nunha Cáritas interparroquial, e tendo en conta a estrutura pastoral diocesana.
- 4 As Cáritas interparroquiais contarán cun protocolo de alta para as Cáritas parroquiais que desexen integrarse nela. O devandito protocolo recollerá os dereitos e obrigacións destas, o funcionamento do Fondo Interparroquial de Comunicación Cristiá de Bens, os servizos que prestará a Cáritas interparroquial, os que prestará a Cáritas parroquial e a complementariedade entre eles.
- 5 Levarán o mesmo sistema de contabilidade que os Servizos Centrais de Cáritas Diocesana e funcionarán en réxime de orzamento, terá que coincidir o exercicio económico co ano natural e de liquidar o balance á terminación deste, e quedará integrada na contabilidade xeral de Cáritas Diocesana, no seu sistema de xestión, auditoría e control.
- 6 O Consello Diocesano establecerá os requisitos mínimos para promover a creación dunha nova Cáritas interparroquial.

ARTIGO 40: Órganos de Cáritas interparroquial

- 1 As Cáritas interparroquiais estruturaránse dunha maneira similar aos Servizos Centrais de Cáritas Diocesana e rexeránse polos seguintes órganos:

Colexiados:

- a) O Consello Interparroquial.
- b) A Comisión Permanente.

Unipersoais:

- c) O Consiliario.
- d) O/A Director/a.
- e) O/A Secretario/a.
- f) O/A Responsable do Departamento de Recursos Económicos.
- g) Os/As responsables dos departamentos.

ARTIGO 41: Consello Interparroquial

- 1 O Consello Interparroquial de Cáritas estará composto polos seguintes membros:
 - a) A Comisión Permanente da Cáritas interparroquial.
 - b) O/A Director/a diocesano/a e o delegado/a episcopal.
 - c) Os consiliarios e directores/as das Cáritas parroquiais integradas.
 - d) Unha persoa voluntaria de cada unha das Cáritas parroquiais integradas na Cáritas interparroquial.
- 2 Os membros do Consello de Cáritas interparroquial serán designados por:
 - a) O Consiliario polo arcebispo, oído o/a delegado/a episcopal.
 - b) O/A director/a de Cáritas interparroquial será nomeado/a polo arcebispo a proposta do/da director/a de Cáritas Diocesana, tendo en conta as propostas dos membros do Consello de Cáritas interparroquial.
 - c) O/A secretario/a e os/as responsables dos departamentos en que se estructure o Consello de Cáritas interparroquial serán nomeados/as polo/a seu/súa director/a.
- 3 Son funcións propias do Consello de Cáritas interparroquial:
 - a) Velar pola coordinación e promover a acción caritativa e social da Igrexa na localidade ou zona respectiva.
 - b) Coñecer e propoñer as actividades, programas e proxectos aprobados polo Consello Diocesano que incidan no ámbito territorial que lle é propio, para garantir a eficaz asistencia ás persoas máis empobrecidas das comunidades e velar polo desenvolvemento integral das persoas relacionadas con Cáritas nos seus respectivos ámbitos.

- c) Propoñer programas específicos para desenvolver no ámbito territorial da Cáritas interparroquial, que deberán ser sometidos ao Consello Diocesano para a súa aprobación.
- d) Levar a cabo, cando e ante quen sexa preciso, o discernimento e a actuación en situacións inxustas, de acordo co Consello Diocesano.
- e) Establecer criterios para a distribución dos recursos ao servizo da Comunicación Cristiá de Bens.
- f) Presentar ao Consello Diocesano as solicitudes de novas Cáritas parroquiais que desexen integrarse na Cáritas interparroquial respectiva.
- g) Aprobar a proposta de orzamento elaborado pola Comisión Permanente, dentro dos dous primeiros meses do ano, para ser incorporado ao orzamento diocesano, no primeiro trimestre do exercicio.
- h) Aprobar para o seu envío aos Servizos Centrais de Cáritas Diocesana no primeiro cuatrimestre de cada ano a memoria, o balance e a liquidación de orzamentos da Cáritas interparroquial correspondente ao exercicio anterior, pechado o 31 de decembro.
- i) Propoñer ao Consello Diocesano a contratación de traballadores de duración indefinida.

ARTIGO 42: Comisión Permanente de Cáritas interparroquial

- 1 A Comisión Permanente da Cáritas interparroquial estará composta polos seguintes membros:
 - a) O consiliario.
 - b) O/A director/a
 - c) O/A secretario/a.
 - d) O/A responsable do Departamento de Recursos Económicos.
 - e) Os/As responsables dos departamentos.
- 2 Son funcións da Comisión Permanente:
 - a) Resolver os asuntos que se presenten no funcionamento de Cáritas interparroquial, dando conta diso ao Consello.
 - b) Actuar como órgano executivo do Consello Interparroquial e preparar as súas reunións.
 - c) Establecer os criterios para o control do funcionamento e a coordinación do persoal laboral.
 - d) Promover e potenciar, mediante os departamentos en que a respectiva Cáritas estea estruturada, os acordos, programas e proxectos do Consello Interparroquial.
 - e) Xestionar a distribución periódica da Comunicación Cristiá de Bens entre as Cáritas parroquiais integrantes.
 - f) Concretar, para a súa aplicación, as decisións ou propostas dos Servizos Centrais de Cáritas Diocesana.
 - g) Todas aquelas actuacións e medidas que lle sexan encomendadas polo Consello Interparroquial.

ARTIGO 43: Consiliario de Cáritas interparroquial

- 1 O Consiliario da Cáritas interparroquial, en estreita colaboración co/coa director/a, terá as seguintes funcións:
 - a) Velar pola identidade de Cáritas.
 - b) Informar o/a delegado/a episcopal de Cáritas sobre a marcha xeral da acción caritativa e social nas parroquias que abarque a Cáritas interparroquial.
 - c) Asesorar o Consello de Cáritas interparroquial, a súa Comisión Permanente e o seu director ou directora en cantos asuntos sexan sometidos á súa consideración ou el estime oportuno expor.
 - d) Ocuparse normalmente das relacións co clero da localidade ou zona que abarque a Cáritas interparroquial e participar nas reunións nas que se trate da acción caritativa e social.
 - e) Presidir as reunións do Consello de Cáritas interparroquial.

ARTIGO 44: Director/a de Cáritas interparroquial

- 1 Ao/á director/a da Cáritas interparroquial, en estreita colaboración co consiliario, correspóndelle as seguintes funcións:
 - a) Determinar a orde do día da reunión da Comisión Permanente de Cáritas interparroquial.
 - b) Convocar e dirixir as reunións do Consello Interparroquial e da Comisión Permanente.
 - c) Dirixir a Cáritas interparroquial e ser responsable da aplicación dos programas e proxectos aprobados polo Consello Diocesano, así como os aprobados especificamente para esa demarcación. Presentar programas e actuacións aos órganos centrais de Cáritas Diocesana.
 - d) Formalizar as contratacións laborais de duración determinada para situacións de baixas, substitucións e outras emerxencias, e enviar copia ao Consello Diocesano no termo de quince días.
 - e) Aprobar gastos e ordenar pagos dentro dos límites fixados no orzamento.
 - f) Promover a coordinación directa e periódica tanto co/coa director/a diocesano/a como cos/coas directores/as das Cáritas parroquiais e cos/coas representantes das asociacións e institucións de acción caritativa e promoción social que colaboren coa Cáritas interparroquial.
 - g) Ter a representación de Cáritas interparroquial, que se poderá delegar, en caso necesario, noutro membro da Comisión Permanente.

ARTIGO 45: Secretario/a de Cáritas interparroquial

- 1 O/A secretario/a de Cáritas interparroquial ten como funcións:
 - a) Deseñar, implantar e controlar os indicadores de xestión e resultado, e os sistemas de información e de calidade.
 - b) Levar a cabo a xestión do persoal contratado desa Cáritas interparroquial, velando porque se respecten os seus dereitos e que os traballadores/as cumpran cos seus deberes, baixo a supervisión do/da director/a.
 - c) Controlar a recepción e o envío de correspondencia.
 - d) Coordinar a redacción da memoria anual.
 - e) Redactar as actas de cada sesión do Consello e da Comisión Permanente. Actas que, unha vez aprobadas na sesión seguinte inmediata de cada organismo, serán asinadas polo/a director/a e o/a propio/a secretario/a.
 - f) Gardar e conservar diligentemente os libros e o arquivo.
 - g) Estender as correspondentes certificacións, co visto e praxe do/da seu/súa director/a.
 - h) Substituír o/a director/a na súa ausencia.

ARTIGO 46: Responsable de Recursos Económicos de Cáritas interparroquial

- 1 Ao Responsable de Recursos Económicos de Cáritas interparroquial compétenlle principalmente as seguintes funcións:
 - a) Ordenar cobranzas e pagos dentro dos límites fixados no orzamento anual.
 - b) Administrar os recursos económicos e materiais de Cáritas interparroquial, de acordo coas decisións do Consello.
 - c) Ter ao día o inventario de Cáritas interparroquial.
 - d) Elaborar o balance e a liquidación de contas correspondentes ao exercicio anterior, así como o orzamento do exercicio seguinte dentro dos criterios fixados polo Consello de Cáritas Diocesana.
 - e) Coordinarse coas administracións das Cáritas parroquiais.
 - f) Xestionar eficazmente os provedores, de acordo coas indicacións establecidas por Cáritas Diocesana.
 - g) Realizar o seguimento dos orzamentos de Cáritas interparroquial e propoñer, no seu caso, ao Consello desta, as medidas correctoras.
 - h) Levar as contas e facer as liquidacións periódicas do Fondo de Comunicación Cristiá de Bens entre as parroquias integrantes da Cáritas interparroquial.

ARTIGO 47: Responsables de departamentos de Cáritas interparroquial

- 1 Os Consellos de Cáritas interparroquial canalizarán a súa misión a través dos departamentos que se estimen oportunos, dentro do marco de departamentos de Cáritas Diocesana, sempre que sexa posible e oportuna a súa constitución.
- 2 O número de departamentos poderá variar por acordo do Consello Interparroquial, a proposta da Comisión Permanente. As funcións para desenvolver por estas serán aquelas que determine o Consello Interparroquial de Cáritas, obtido o visto e praxe do Consello Diocesano.
- 3 Os/As responsables dos diversos departamentos desenvolverán as súas funcións dentro das atribucións que lles confira o Consello de Cáritas interparroquial.

Capítulo VI

Normas de funcionamento dos órganos de dirección

ARTIGO 48: Duración do cargo

- 1 Todos os membros dos órganos de dirección das Cáritas parroquiais, interparroquiais e Diocesana, excepto os casos así establecidos nestes estatutos, serán designados por un período de catro anos, prorrogables.
- 2 Os cesamentos, aprobados polo órgano que realizou o nomeamento, produciranse:
 - a) Ao finalizar o período para o que foron nomeados, e as súas funcións manteranse ata novo nomeamento.
 - b) A petición propia.
 - c) Por falecemento.
 - d) Por incapacidade para exercer o seu servizo.
 - e) Por incompatibilidade ao tomar posesión dun cargo público de carácter político ou de responsabilidade nun partido político.
 - f) Por incumprimento do Código Ético ou sentenza xudicial firme.
 - g) Por revogación do nomeamento.
- 3 O/A secretario/a, o/a responsable do Departamento de Recursos Económicos e os/as responsables dos demais departamentos cesarán nos seus cargos cando cese o/a director/a que os propuxo e poderán quedar temporalmente en funcións ata o nomeamento do/a novo/a director/a.

ARTIGO 49: Convocatoria e reunións dos Consellos

- 1 Os consellos reuniranse coa seguinte periodicidade:
 - a) O Consello Diocesano reunirse con carácter ordinario unha vez ao trimestre e con carácter extraordinario cando o arcebispo, o/a director/a ou os/as representantes das Cáritas interparroquiais o soliciten.
 - b) O Consello de Cáritas interparroquial reunirse con carácter ordinario unha vez cada tres meses e con carácter extraordinario cando o estime conveniente o/a seu/súa director/a ou o soliciten catro directores/as das Cáritas parroquiais.
 - c) O Consello de Cáritas parroquial reunirse con carácter ordinario unha vez ao mes e de modo extraordinario sempre que o párroco ou o/a director/a o estimen conveniente. A convocatoria, coa orde do día da reunión, deberá realizarse con polo menos sete días de antelación.
- 2 Os consellos deberán ser convocados con, polo menos, 7 días de antelación. A convocatoria deberá incluír a orde do día e realizaranse preferentemente por medios telemáticos.
- 3 Os consellos diocesanos quedarán validamente constituídos sempre que asista a maioría absoluta dos seus membros en primeira convocatoria, ademais do/a director/a ou

o consiliario e o/a secretario/a, titulares ou substitutos. En segunda convocatoria, media hora máis tarde, polos membros presentes, cun mínimo de 3 vogais e sempre coa presenza do/a director/a ou o consiliario e o/a secretario/a, titulares ou substitutos.

- 4 Os consellos parroquiais quedarán validamente constituídos sempre que, polo menos, asista, de maneira virtual ou física, o/a director/a ou o consiliario e o/a secretario/a ou o/a responsable de Recursos Económicos en primeira convocatoria; e en segunda convocatoria, un cuarto de hora máis tarde, polos membros presentes sempre que, polo menos, asista o/a director/a ou o consiliario.

ARTIGO 50: Convocatoria e reunións das comisións permanentes

- 1 A Comisión Permanente de Cáritas Diocesana e de Cáritas interparroquial, das que é presidente o arcebispo, reuniranse con carácter ordinario unha vez ao mes e de modo extraordinario sempre que o/a director/a diocesano/a ou o/a delegado/a episcopal, ou o/a director/a de Cáritas interparroquial e o consiliario de Cáritas interparroquial respectivamente, o estimen conveniente ou o soliciten un terzo dos seus membros.
- 2 Serán convocadas polo/a director/a, contando co visto e prace e coñecemento do arcebispo e comunicadas con, polo menos, 7 días de antelación á data de realización, polo/a respectivo/a secretario/a; convocatoria que incluírá a orde do día da reunión. Excepcionalmente, para resolver cuestións urxentes, poderá ser convocada con 24 horas de antelación ou cando estean presente todos os membros da Comisión, que así o acorden e formulen a correspondente orde do día.
- 3 Ser lexitimamente convocados todos os seus membros, as comisións permanentes quedan validamente constituídas cando estean presentes, de maneira virtual ou física, polo menos: o/a delegado/a ou o/a director/a diocesano/a no caso de Cáritas Diocesana; e o consiliario ou o/a director/a de Cáritas interparroquial no seu caso; así como o/a secretario/a ou quen o substitúa e outros tres dos seus compoñentes.

ARTIGO 51: Adopción de acordos

Os órganos colexiados da Cáritas Diocesana e das interparroquiais adoptarán os seus acordos por maioría absoluta en primeira votación, e maioría simple en segunda.

Capítulo VII

Traballo en rede

ARTIGO 52: Coordinación coas asociacións e institucións católicas de acción caritativa

- 1 Respectando os seus estatutos e constitucións, Cáritas Diocesana animará e cooperará na acción de asociacións e institucións de acción caritativa e de promoción social a ela asociadas seguindo as indicacións da Igrexa.
- 2 As asociacións, institucións, institutos e ordes relixiosas de acción caritativa e promoción social que decidisen asociarse con Cáritas Diocesana para o mellor logro dos obxectivos comúns, formalizarán con esta, por escrito, os acordos reguladores das obrigacións e dereitos recíprocos.

ARTIGO 53: Colaboración con outras entidades de acción social

Cáritas Diocesana colaborará coas entidades de acción social que traballen no mesmo ámbito xeográfico na consecución da maior eficacia da súa acción para alcanzar os obxectivos de xustiza social e loita contra a pobreza e a exclusión. Para iso promoverá acordos, convenios de colaboración e o traballo en rede.

Capítulo VIII

Do réxime económico en Cáritas

ARTIGO 54: Réxime económico

- 1 Cáritas Diocesana, en virtude da súa personalidade xurídica canónica e civil, é suxeito capaz de adquirir, reter, administrar e allear bens, segundo a normativa vixente.
- 2 A administración de Cáritas Diocesana réxese polo establecido nestes estatutos, polas disposicións do Libro V do Código de Dereito Canónico e pola lexislación civil aplicable.

ARTIGO 55: Recursos económicos e materiais

- 1 Recursos de Cáritas Diocesana:
 - 1) Os bens de Cáritas Diocesana son bens eclesiásticos; constitúen un patrimonio autónomo destinado aos seus fins específicos.
 - 2) O patrimonio de Cáritas Diocesana está formado polos bens mobles e inmobles que estean ao seu nome; por cantos bens adquira a título oneroso ou gratuito; e por calquera bens de orixe privada ou pública que reciba, por calquera título, para a consecución dos seus fins.
 - 3) Os recursos económicos e materiais de Cáritas Diocesana serán os procedentes de:
 - a) As subvencións, convenios, doazóns, legados, usufrutos e, en xeral, calquera ingresos de orixe tanto privada como pública que se destinen a Cáritas Diocesana para a consecución dos seus fins.
 - b) As colectas con destino a Cáritas Diocesana.
 - c) Os bens patrimoniais e as súas rendas.
- 2 Recursos de Cáritas interparroquial:
 - 1) Os recursos económicos e materiais de Cáritas interparroquial serán os procedentes de:
 - a) As subvencións, convenios, doazóns, legados, usufrutos e, en xeral, calquera ingresos de orixe tanto privada como pública que reciba Cáritas Diocesana con destino á Cáritas interparroquial para a consecución dos seus fins.
 - b) As colectas con destino á Cáritas interparroquial.
- 3 Recursos de Cáritas parroquial:
 - 1) Os recursos económicos e materiais de Cáritas parroquial serán os procedentes de:
 - a) As doazóns, herdanzas, legados e cesións de calquera bens mobles, inmobles ou dereitos que reciba Cáritas Diocesana con destino á Cáritas parroquial.
 - b) As colectas.
 - c) As partidas que proceden dos recursos ao servizo da Comunicación Cristiá de Bens de Cáritas Diocesana ou de Cáritas interparroquial.

ARTIGO 56: Administración ordinaria

- 1 O/A responsable do Departamento de Recursos Económicos xestiona e administra os recursos de Cáritas Diocesana conforme á normativa canónica e nos termos que desenvolva o Consello Diocesano.
- 2 Cáritas Diocesana funcionará en réxime de orzamento, o exercicio económico haberá de coincidir co ano natural, e pecharase o balance á terminación deste. Antes do seu inicio, o/a responsable do Departamento de Recursos Económicos elaborará un orzamento que será aprobado polo Consello.
- 3 Considéranse actos de administración ordinaria os incluídos expresamente no orzamento anual, unha vez aprobados polo procedemento establecido nestes Estatutos e sempre que non excedan os límites previstos na lexislación canónica.

- 4 O/A responsable do Departamento de Recursos Económicos de Cáritas Diocesana preparará as contas anuais seguindo as normas do Plan de contabilidade das entidades sen fins lucrativos, co exercicio pechado o 31 de decembro, de tal maneira que permita obter a imaxe fiel do patrimonio neto, do resultado e da situación financeira da entidade.
- 5 Os fondos doados que non teñan un fin específico serán empregados nos programas de Cáritas Diocesana de Santiago.

ARTIGO 57: Administración de maior importancia

- 1 Os actos de administración de maior importancia considéranse actos que afectan o patrimonio estable, definido como todo aquel activo indispensable para o cumprimento da misión de Cáritas. A composición do patrimonio estable será aprobada e revisada anualmente polo Consello Diocesano.
- 2 Os actos cualificados de maior importancia deberán ser aprobados polo Consello Diocesano.

ARTIGO 58: Administración extraordinaria

- 1 Considéranse actos de administración extraordinaria os seguintes:
 - a) O alleamento de bens pertencentes ao patrimonio estable de Cáritas Diocesana definido polo Consello Diocesano cuxo valor supere a cantidade establecida nas normas canónicas ou polo arcebispo.
 - b) Os actos que modifiquen substancialmente o patrimonio da institución, que impliquen unha diminución do patrimonio polo límite establecido polo Consello Diocesano ou supoñan un risco notable para a estrutura do patrimonio.
- 2 Para realizar validamente actos de administración extraordinaria requirirase a autorización do arcebispo, unha vez que dese o seu consentimento o Consello Diocesano de Cáritas.
- 3 Con carácter xeral, e salvo que o doador expresamente dispoña unha finalidade específica, as disposicións testamentarias ou doazóns nas que resulte beneficiaria Cáritas, incrementarán os recursos de Cáritas Diocesana, que destinará unha parte á Cáritas parroquial en cuxo territorio tiña a súa residencia a persoa doador e que será concretada pola Comisión Permanente diocesana.

Capítulo IX

A Comunicación Cristiá de Bens

ARTIGO 59: Fondo operativo de Comunicación Cristiá de Bens en Cáritas Diocesana

- 1 Cáritas Diocesana constituirá e xestionará un Fondo Diocesano Operativo de Comunicación Cristiá de Bens.
- 2 O Consello de Cáritas Diocesana establecerá os criterios de xestión e repartición baseados na situación socio-económica das persoas que residen no ámbito territorial de cada parroquia e na capacidade financeira e recursos da Cáritas parroquial solicitante.
- 3 Os recursos do Fondo Diocesano Operativo de Comunicación Cristiá de Bens proveñen de:
 - a) As doazóns, herdanzas, legados de calquera bens mobles, inmobles ou dereitos que reciba Cáritas Diocesana, con destino expreso ao Fondo Diocesano de Comunicación Cristiá de Bens.
 - b) Unha porcentaxe aprobada polo Consello Diocesano dos ingresos de Cáritas Diocesana, interparroquiais e parroquiais, así como dos procedentes de doazóns, legados e herdanzas sen fins definidos.

ARTIGO 60: A Comunicación Cristiá de Bens en Cáritas interparroquial

- 1 O Consello de Cáritas interparroquial constituirá e xestionará un Fondo Operativo de Comunicación Cristiá de Bens para redistribución de recursos entre Cáritas integradas nesta, definindo as achegas de cada Cáritas parroquial, os indicadores e criterios de repartición, e o sistema de xestión.
- 2 O Consello de Cáritas interparroquial, establecerá uns criterios de repartición baseados na situación socio-económica das persoas que residen no ámbito territorial de cada parroquia.
- 3 Os recursos ao servizo da Comunicación Cristiá de Bens no ámbito interparroquial proveñen de:
 - a) As doazóns, herdanzas, legados de calquera bens mobles, inmobles ou dereitos que reciba Cáritas Diocesana, con destino expreso ao Fondo de Comunicación Cristiá de Bens da Cáritas interparroquial.
 - b) Os recursos xestionados por cada Cáritas interparroquial con destino ao Fondo de Comunicación Cristiá de Bens de Cáritas interparroquial.
 - c) As axudas que poidan recibir dos recursos ao servizo da Comunicación Cristiá de Bens de Cáritas Diocesana.
 - d) Unha porcentaxe dos ingresos das Cáritas parroquiais integrantes, procedentes de doazóns, legados, herdanzas e colectas, aprobado polo Consello de Cáritas interparroquial.

ARTIGO 61: Comunicación Cristiá de Bens entre parroquias non integradas en Cáritas interparroquial

Entre as Cáritas parroquiais non integradas en Cáritas interparroquial promoverase a creación de mecanismos de apoio e redistribución de recursos baixo o principio da Comunicación Cristiá de Bens.

Capítulo X

Da modificación dos estatutos

ARTIGO 62: Modificación dos estatutos

Os presentes estatutos poderán ser modificados por iniciativa do arcebispo ou atendendo á solicitude de, polo menos, os dous terzos dos membros do Consello Diocesano de Cáritas. O arcebispo determinará o procedemento para seguir e a el lle compete a definitiva aprobación destes.

Capítulo XI

Da disolución de Cáritas Diocesana

ARTIGO 63: Disolución de Cáritas Diocesana

A disolución de Cáritas Diocesana só poderá ser acordada polo arcebispo. De chegar a producirse a devandita disolución, a autoridade diocesana designará unha comisión liquidadora, a cal, unha vez cumpridos os compromisos contraídos, entregará o patrimonio resultante á Arquidiocese de Santiago de Compostela para que sexa destinado a fins de orde caritativa e promoción social.



Cáritas

Diocesana de Santiago de Compostela

Carretas, 29
15705- Santiago de Compostela
981 554 433